

Regulamento do Traballo Fin de Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Aprobado na Comisión Académica do Máster de 04-05-2016

Aprobado polo Consello de Goberno de 29-07-2016

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este Regulamento do Traballo Fin de Máster (TFM) en Dirección e Xestión Contable e Financeira ten por obxecto a regulación do proceso de realización e avaliación dos TFM da titulación de Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira que se imparte na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago.

Desenvólvese ao abeiro do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela (CG 10-03-2016), en diante Regulamento TFM USC 2016.

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 2. Características do TFM en Dirección e Xestión Contable e Financeira

Segundo o RD de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, *as ensinanzas de Máster concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Máster.*

O plan de estudos de Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira establece para esta materia unha carga lectiva de 6 créditos. Os traballos Fin de Máster elaboraranse de xeito individual, en base a proposta de temas e títos que aprobe a Comisión Académica do Máster anualmente.

Artigo 3. Obxectivo do TFM

O TFM consiste, en base ao Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM da USC na *“elaboración por parte do estudante, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos”* durante os estudos de Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira. Ditas competencias desenvólvense na Memoria do Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira. Entre as mesmas podemos destacar de xeito resumido as seguintes:

- Capacidade para a toma de decisións de xestión no ámbito financeiro e contable da empresa.

- Capacidade para elaborar e defender argumentos sobre cuestións especializadas e resolver problemas sobre ditas cuestións.
- Capacidade para comunicar información, ideas, problemas de xestión financeira e contable e propostas de solución.
- Capacidade de traballo en equipo e desenvolvemento de habilidades directivas.
- Capacidade crítica e autocrítica.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos en entornas novos ou pouco coñecidas.
- Capacidade de integrar coñecementos e reflexión sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- Capacidade de comunicar conclusións a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- Habilidades de aprendizaxe que permitan aos estudantes continuar estudando de un modo autónomo.

Artigo 4. Contidos do TFM

En base a Memoria do Máster, o TFM consistirá na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante el transcurso do Máster. Incluirá, como mínimo, tal como indica o Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFM da USC, tarefas de búsqueda e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción e presentación e defensa. Os contidos do TFM estarán dentro do ámbito profesional do director ou xestor contable e financeiro.

Os alumnos deben elaborar e defender un Traballo Fin de Master baixo a dirección do persoal docente e investigador (PDI) das áreas de coñecemento que impartan docencia na titulación, previa a autorización da Comisión Académica do Máster na que se demostre que posúe as competencias xerais da titulación e que, polo tanto, é capaz de aplicar de un xeito integrado os coñecementos e habilidades adquiridos nas materias do Máster.

Na avaliación do traballo terase en conta, entre outros criterios, o grado de orixinalidade, non podéndose reproducir traballos xa existentes. Con carácter xeral, a presentación e defensa do traballo realizarase ante un tribunal designado pola Comisión Académica do Máster, seguindo o calendario establecido pola Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 5. Comisión de Académica do Máster (Comisión TFM)

A Comisión Académica do Máster será a encargada de exercer as competencias que se establecen no artigo 3 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFM da USC e as que se desenvolvan neste Regulamento. Entre elas estarán as seguintes:

- Proponer anualmente a guía docente do TFM
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas tres oportunidades
- Determinar os sistemas de titoría.

- Aprobar a proposta dos temas e a súa asignación.
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo.
- Decidir sobre a modificación de temas e titor/ra asignado.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...), dentro dos límites fixados neste Regulamento.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Establecer as datas de entrega dos traballos aos titores e depósito e defensa pública dos traballos.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.

Artigo 6. Matrícula e réxime de convocatorias

Rexerase pola convocatoria de matrícula de cada curso académico en canto a requisitos, prazos e demais circunstancias.

A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

Capítulo 2. Propostas, titores e asignación dos TFM

Artigo 7. Titor/a do TFM

Cada TFM require un/ha titor/a que será persoal docente e investigador (PDI) das áreas de coñecemento que imparta docencia na titulación.

Os TFM poden desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE,), sempre que o convenio o permita.

Caberá a posibilidade de co-titorizar no suposto de que as características do TFM ou dos titores/ras así o aconsellen.

Artigo 8. Títulos dos TFM

A coordinación do Máster, á vista dos alumnos matriculados, solicitaralle aos departamentos con docencia na titulación a proposta de títulos e titores. Os departamentos enviaranlle as propostas a Coordinación.

Artigo 9. Asignación dos Títulos dos TFM.

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión Académica do Máster abrirá o proceso para o desenvolvemento dos TFM nese curso académico. Primeiro extraerase a lista de alumnado repetidor que, mediante escrito razoado e co visto e prace do seu titor/ra; solicite repetir título e titor/a. Os que non o fagan someteranse de novo ao procedemento de asignación que se vai abrir, onde se integrarán no caso de que non

fose posible esa repetición. Esta opción para os estudantes repetidores só poderá utilizarse unha vez.

O proceso de asignación de TFM realizarase segundo o seguinte procedemento:

- Cada curso académico, a Coordinación do Máster comunicará ao alumnado unha relación das liñas xerais de Traballos Fin de Máster.
- O alumnado elixirá a liña de traballo e o titor.
- A Comisión Académica aprobará a asignación definitiva. En caso de conflito seguirase un criterio de prioridade en función da nota media do primeiro semestre ou a nota de acceso ao Máster no caso de non estar dispoñible a anterior.
- A asignación definitiva remitirase ao/á coordinador/a para a súa publicación.

Artigo 10. Funcións do/a titor/a

O/a titor/a programará sesións de traballo co estudante, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. Son funcións do titor:

- Expor a cada alumno/a as características do traballo.
- Asesorar ao alumnado o desenvolvemento do seu TFM: entre outros, estrutura a seguir, métodos de investigación a utilizar, forma de redactar os informes.
- Realizar o seguimento do traballo
- Emitir o preceptivo informe sobre o seguimento do TFM antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo tribunal avaliador. No Anexo I, inclúese un modelo de informe no que se recollen, a título informativo, os elementos a valorar. Dito informe debe entregarse no Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- Aconsellar ao alumno no relativo á presentación, asesorándoo nas técnicas de exposición e defensa do traballo.

O alumnado deberá enviarlle ao titor/a o traballo finalizado coa antelación marcada na guía docente.

O TFM é, ante todo, responsabilidade do alumno.

Capítulo 3. Características dos TFM

Artigo 11. Extensión do TFM

Recoméndase entre 10.000 e 15.000 palabras (excluindo do cómputo os anexos).

Artigo 12. Traballo a presentar

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno. Como norma xeral, incorporará como mínimo os apartados establecidos pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para os TFG

<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/fundamentos/modelosUSC.html>

O formato de presentación do TFM será o establecido na guía docente da materia ou, no seu defecto o establecido na programación da materia.

Capítulo 4. Depósito e defensa dos TFM

Artigo 13. Prazos.

A Comisión Académica do Máster aprobará os períodos de avaliación dos TFM, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico, sempre nos períodos fixados no calendario oficial da USC.

Artigo 14. Depósito do TFM

O/a alumno/a entregará na Secretaría Administrativa do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, nas datas que se indiquen na programación académica do centro, 4 copias impresas da memoria do traballo e 1 copia en soporte informático (CD-ROM). A copia informática terá o seguinte contido:

- Texto do proxecto en formato Word ou PDF.
- Anexos que se teñan dixitalizados.

O depósito e solicitude de avaliación dun TFM implica a súa defensa na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. Se non obtén unha cualificación de aprobado ou superior, o estudante pode solicitar a devolución dos orixinais e copias e deberá volver a realizar o depósito e solicitar a defensa pública na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

Artigo 15. Defensa pública dos TFM

Os TFM requirirán sempre de presentación e defensa pública.

A defensa do traballo polo alumno requirirá o informe previo e preceptivo do titor/a.

O/a alumno/a deberá entregar o traballo nos prazos establecidos pola Comisión Académica do Máster.

A presentación dos Traballos será realizada de xeito presencial. En casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión Académica do Máster, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos.

A defensa, consistirá na explicación oral do traballo polo alumno/a coa axuda dos medios informáticos ou audiovisuais que estime pertinentes.

Concluída a exposición, o Tribunal abrirá unha rolda de intervencións e establecerá un debate co/a alumno/a. A continuación procederá a valoración do traballo presentado.

O alumnado que, feita a entrega do TFM, e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente ao acto de defensa do mesmo, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

Capítulo 4. Avaliación do TFM

Artigo 16. Tribunais de avaliación

Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador (PDI) das áreas de coñecemento con encargo docente na titulación, dos que polo menos un procurarse que pertenza ao Departamento do/a titor/a do TFM, así como, polo menos, un suplente. En cada Tribunal haberá un/ha presidente/a e un/ha secretario/a e un/ha vogal. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o/a presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e o/a secretario/a, será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarse que a participación dos membros dos tribunais sexa rotatoria. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais.

No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir e deba actuar o suplente, este substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

A Comisión do TFM aprobará e trasladaralle ao decano/a para a súa publicación e designación os tribunais que actuarán en cada oportunidade de avaliación, unha vez coñecidos os estudantes que efectuaron o depósito para esa oportunidade.

Artigo 17. Requisitos de avaliación

Os TFM só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A Coordinación deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa avaliación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e avaliación aínda non se recibiran todas as actas de exame das materias, a Coordinación do Máster solicitaralle ao profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia someterse a avaliación nesa oportunidade. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

A Coordinación remitirá para a súa publicación, a listaxe de alumnado autorizado xunto cos tribunais de avaliación.

No caso de que algún estudante defenda o TFM sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos.

Artigo 18. Criterios de Avaliación.

A cualificación dos TFM realizarase en función dos criterios e a ponderación establecidos no Anexo I.

Para a avaliación final terase en conta o Informe do/a titor/a e o Informe do Tribunal de Avaliación o cal seguirá o recollido no Anexo II.

Artigo 19. Proceso de Avaliación

- a) O/a presidente/a do Tribunal de avaliación realizará a convocatoria de avaliación.
- b) Realizada a defensa pública, os membros do Tribunal establecerán a nota final tendo en conta a seguinte ponderación:
 - Informe do Tribunal: 60%
 - Informe do Titor/ra: 40%
- c) O Tribunal de avaliación fará pública a valoración do traballo, que poderá realizarse ao final de cada sesión de exposicións se o Tribunal é compartido e así o decide.

O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. A revisión poderán realizala un ou varios membros do Tribunal e deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data de realización.

Artigo 20. Xestión das actas

Elaborarase un acta individual por cada alumno e traballo e por cada oportunidade.

As actas estarán asinadas polos membros do tribunal. Si non é posible, porase en coñecemento da Secretaría Xeral para que proceda a autorizar a sinatura noutro profesor tal como establece o artigo 10 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFM na USC.

Os períodos para cubrir as actas serán os establecidos no calendario académico.

Capítulo 5.

Artigo 21. Dereitos do alumnado. Publicación dos traballos

A propiedade intelectual do TFM corresponde ao/á alumno/a que o realizou.

Unha copia electrónica dos TFM superados quedará depositada no Centro e poderán ser utilizados para usos académicos e de investigación na USC, coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos, o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

A Comisión Académica do Máster poderá propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade. Os autores destes traballos, co visto e prace do titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (*Minerva*).

Artigo 22. Deberes do alumnado

Os TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse correctamente as fontes bibliográficas utilizadas.

O incumprimento do apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria.

O/a titor/a e o Tribunal que o detecte debe poñelo en coñecemento da Reitoría para comezar as actuacións disciplinarias que procedan.

Disposición Final. Entrada en vigor

Este Regulamento será de aplicación a partir do curso 2016-2017.

ANEXO I

Criterios avaliación	Ponderación	Elementos a valorar, entre outros:
Calidade do traballo	35%	<p>Obxectivos do traballo</p> <p>Planificación e organización</p> <p>Desenvolvemento:</p> <ul style="list-style-type: none">— Seleccionou adecuadamente as fontes documentais— Recolleu, analizou e interpretou adecuadamente os datos— Os contidos son adecuados e demostra comprensión do tema— Información está ben organizada— As conclusións foron elaboradas de maneira sintética e construtiva— Sinala as limitacións ao traballo e posibles investigacións futuras— Incorporou adecuadamente os cambios propostos— Desenvolveu o traballo cun adecuado grao de autonomía.
Presentación escrita	5%	<p>Redacción da memoria é a correcta. Capacidade de comunicación escrita.</p> <p>O vocabulario utilizado é adecuado</p> <p>A edición escrita e coidada (tipo e tamaño de letra, interliñado, ...)</p> <p>As fontes bibliográficas están documentadas no formato correcto</p> <p>As figuras e táboas son as necesarias para engadir entendemento ao tema e están ben presentadas</p>

ANEXO II

Criterios avaliación	Ponderación	Elementos a valorar, entre outros:
Calidade do traballo	35%	Obxectivos do traballo Organización Desenvolvemento: <ul style="list-style-type: none">— Seleccionou adecuadamente as fontes documentais— Recolleu, analizou e interpretou adecuadamente os datos— Os contidos son adecuados e demostra comprensión do tema— Información está ben organizada— As conclusións foron elaboradas de maneira sintética e construtiva— Sinala as limitacións ao traballo e posibles investigacións futuras
Presentación escrita	5%	Redacción da memoria é a correcta. Capacidade de comunicación escrita. O vocabulario utilizado é adecuado A edición escrita e coidada (tipo e tamaño de letra, interliñado, ...) As fontes bibliográficas están documentadas no formato correcto As figuras e táboas son as necesarias para engadir entendemento ao tema e están ben presentadas
Presentación oral e Defensa	20%	Exposición clara e ben estruturada Cumprimento dos tempos establecidos Uso axeitado dos materiais de apoio utilizados Capacidade de comunicación oral, xestual, ... Argumentación realizada ás preguntas e comentarios do Tribunal.